



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MONFERO

*Delegación de competencias plenarios na alcaldía*

### ANUNCIO

En cumprimento do disposto polo artigo 9.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e artigo 51.2 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, publícase que o Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2023, acordou:

1.º- Delegar na Alcaldía o exercicio das seguintes atribucións:

A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

As expresamente relacionadas como de competencia do Alcalde nas bases de execución do orzamento en vigor en cada momento.

2.º- Autorizar á Alcaldía para a aprobación e sinatura dos convenios de colaboración con outras administracións públicas que considere convenientes, especialmente para a xestión e obtención de subvencións doutras entidades, que deberán ser ratificados posteriormente polo Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

3.º- Revocar o resto dos acordos vixentes de delegacións de competencias do Pleno da Corporación na Alcaldía.

4º Estes acordos xurdirán efectos desde o día seguinte aos da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5º As referencias deste acordo a normas e preceptos concretos entenderanse feitas de xeito automático aos preceptos das normas que, no seu caso, as modifiquen ou substitúan.

En Monfero, 28 de xullo de 2023

O Alcalde

Andrés Feal Varela

2023/6661